

**A Ana María Alvajar**

**Londres, 19 de decembro de 1980**

Querida Ana María:

Estou a punto de saír de Londres, pero non estarei en Xenebra ate o 10 de xaneiro. Alí terei que quedarme ate, polo menos, mediados de marzo, porque vou traballar e ao mesmo tempo a facer esa mudanza da que che falei moi ao pasar (por falta de tempo) na outra carta. Este ten un obxecto concreto do que che falarei ao final, pero antes quero explicarte un pouco algunhas couas, para que non interpretes mal nin os meus silenzos nin o somero das miñas cartas.

Teño en todas partes un traballo de moita responsabilidade e unha boa reputación que manter. Pero o meu traballo aquí é tremendo e a responsabilidade aínda moito maior que noutros lugares. A organización ten un acordo co Goberno de España, que se vai asinar oficialmente dun momento a outro e que si non se asinou aínda é porque houbo unha reorganización nos Ministerios españois que fixo que os presupostos anden dun lado para o outro. En canto se asine, o Goberno de España pedira o texto do Código Marítimo Internacional de Mercadorías Perigosas que ten varios miles de páxinas, que é unha cousa sumamente difícil e complicada. Pídeno a berros as industrias e todos os modos de transporte. Ten acosada por teléfono á Dirección Xeral da Mariña Mercante, etc. É importantísimo, porque pode dicirse que del depende a vida de moitos miles de persoas. Este texto está sendo modificado constantemente, e o material que temos é malo e data de sete anos atrás, porque non se pensaba ter cartos para publicar o Código en español e non podían traballar nel. A cousa é sumamente difícil, porque entran cuestións médicas, químicas, de construción naval, de electricidade e de toda clase de cousas. A única persoa que actualmente está en condicións de organizar semellante caos son eu. Pensaba contar coa axuda o meu amigo e compañeiro, o Xefe da Sección de aquí, que como é lóxico sabe máis que eu de todo isto porque ven traballando niso desde hai moito máis tempo, pero a situación de traballo é tal que vou poder contar con el para moi pouco. Nin eles poden terme aquí todo o ano nin eu podo tampouco estar todo o ano aquí. No tempo en que estou aquí, ademais de dedicarme a iso urxentemente (as veces veño a traballar os sábados e os domingos), debo facer os informes do

Subcomité de Mercadorías Perigosas (o último de 500 páxinas), non só a traducción, senón a revisión, etc., porque os meus traballos saen das miñas mans e van directamente á impresión. A responsabilidade é enorme e non me poden permitir fracasar, non só por min, senón polos demais. A traducción nestas organizacións non é cuestión de sentarse e dictar ou facer a máquina: é unha cuestión de investigación, de solución de problemas, e neste caso mesmo de preparación detidísima e chea de detalles para a imprenta. A veces leva días e semanas resolver o problema que presenta unha palabra ou un sistema industrial novo. E ninguén pode ser a Enciclopedia Universal, pero ten que saír o traballo de un como si o fora. Non nos podemos permitir inexactitudes. O resultado é que as miñas propias cousas nin siquiera me poden ocupar. Non te extrañe, porque isto é un leve reflexo do que é o meu traballo, que non poda nin pensar noutra cousa. Nin siquiera en corrixir a carta. Aí vai como sexa.

Como te digo, isto nin siquiera te da unha idea do que é o meu traballo, pero farache comprender por que precisamente me resuta tan interesante. Fun a Nova Iorque este ano porque quería reanudar relacións coa sede das Nacións Unidas, pero como chegaba precedida dunha fama tremenda, xa que via de Bos Aires, da xente que lembraba as críticas dos xornais, tan entusiasmadas, das miñas traduccions, e da tempada que estivera alá hai vinte anos, dediqueime ao traballo para manterme á altura diso (...).

(traducida do español por Carme Vidal)